O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a levar a cabo as seguintes medidas:

- Levar a cabo de xeito inmediato un plan de contratación no Servizo Galego de Saúde que teña como finalidade principal a estabilización das e dos profesionais e a contratación de calidade, poñendo fin a actual precariedade e orzamentando as prazas necesarias para as Ofertas Públicas de Emprego.
- Manter no Hospital Comarcal de Verín o paritorio e as urxencias pediátricas, así como o resto de servizos do hospital, igual que o Hospital Comarcal do Barco de Valdeorras, dotando os mesmos dos medios humanos e materiais necesarios que demanda as e os profesionais para desenvolver unha asistencia sanitaria de calidade, nunhas condicións laborais dignas.
- Recuperar o servizo de atención 24h de cirurxía pediátrica do CHUO, dotando o mesmo de persoal suficiente, para garantir a cobertura necesaria e

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

que a poboación da zona non se teñan que desprazar a outras áreas sanitarias.

- Solucionar de xeito urxente a falta de matronas na provincia de Ourense, especialmente na Atención Primaria, equiparando ao resto de provincias, mediante unha OPE que cumpra coas ratios recomendadas pola OMS.
- Trasladar ao Goberno Central as necesidades en número de novas e novos pediatras *ad futurum*, solicitando axustar esas necesidades na programación dos MIR por parte do Ministerio.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda
Manuel Lago Peñas
Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 05/12/2019 18:09:50**

**José Manuel Lago Peñas na data 05/12/2019 18:10:00**

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2019 17:04:46
Nº Rexistro: 59867
Data envio: 09/12/2019 17:04:46.955

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da súa deputada, **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada o día 3 de decembro de 2019, sobre a política do Goberno galego en relación co cambio climático (10/INT-001810, doc. núm. 54378)

## Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, sempre antes do remate da actual lexislatura e no marco da obrigada acción inmediata para combater o cambio climático, da non superación dos límites ás emisións de CO2 pactados no Acordo de París e da necesaria colaboración de todas as administracións na cofinanciación suficiente de accións concretas contra a crise climática, a:

1. Asumir o acordo aprobado no Parlamento Europeo, situando a previsión de redución das emisións de CO2 nun 55 % para o ano 2030, co horizonte de acadar en Galicia unha economía neutra de carbono na dita data.

2. Aprobar un plan galego de transición ás enerxías limpas, como marco estratéxico que estableza as liñas de acción e os camiños para a transformación do noso sistema enerxético, emitindo sinais claros que dean seguridade aos actores sociais, tanto públicos como privados:

a) Que conteña, cando menos, alternativas para a produción de enerxía a partir de fontes diferentes ao carbón e solucións compensatorias para unha transición ecolóxica xusta.

b) Que inclúa a solicitude á Comisión Europea de garantías para asegurar que o novo Fondo de Transición Xusta -que prevé o *New Green Deal*- chegue tamén a aquelas partes do territorio onde a actividade relacionada co carbón ten xa data límite.

c) Que garanta o acceso universal á enerxía limpa especialmente mediante programas especiais para persoas en situación de pobreza enerxética.

3. Impulsar un estudo para o aseguramento dos efectos orixinados pola crise climática nas perdas que sexan consecuencia dos fenómenos meteorolóxicos extremos e polo cambio de patróns climáticos.

4. Crear unha mesa de traballo para a redución da contaminación luminosa en Galicia, en colaboración con outras administracións, as Universidades galegas e a Fegamp e do que se dea traslado aos grupos parlamentarios.

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2019 17:04:46
Nº Rexistro: 59867
Data envio: 09/12/2019 17:04:46.955

5. Reformar a fiscalidade galega para incentivar cambios nos comportamentos e aplicar de forma real e efectiva o principio de "quen contamina paga".

Pazo do Parlamento, 09 de decembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 09/12/2019 16:52:53**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/12/2019 16:53:03**

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2019 13:46:50
Nº Rexistro: 57886
Data envio: 21/10/2019 13:46:50.131

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O noso planeta afronta unha situación de emerxencia climática e medioambiental. Atopámonos nunha situación de grave perigo que pon en risco a vida das persoas e dos ecosistemas. As evidencias científicas falan dun quecemento global de 1,5 ºC que ameaza con levar á extinción a unha gran parte dos ecosistemas terrestres. Un millón de especies están ameazadas pola actividade humana. En definitiva, atopámonos ao borde dunha situación de non retorno fronte ao cambio climático.

Existe unha conciencia global que nos urxe a tomar medidas concretas para responder a esta crise civilizatoria. Non facelo supoñería a morte de millóns de persoas, ademais da extinción irremprazable de especies imprescindibles para a vida na Terra, dadas as complexas interrelacións ecosistémicas. Non Hai Planeta B, como nos lembran milleiros de mozas e mozos que se mobilizan cada venres demandando medidas que garantan o noso futuro como especie.

Debemos abandonar patróns sociais gobernados por unha visión consumista e extractivista, que sitúa os beneficios económicos por riba da vida, así como acometer transformacións profundas nos nosos hábitos de consumo, no noso modelo socioeconómico e de produción e inserilos dentro dun horizonte de



CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

sustentabilidade. Cómpre facer todo o posible por recuperar e protexer os nosos ecosistemas e facer fronte á esmagadora crise de contaminación que asola o planeta.

Un dos vectores de acción debe situarse na redución dos plásticos. A súa crecente produción ameaza con contaminar cada recuncho do planeta, especialmente os mares, a onde cada ano van a parar máis de 12 millóns de toneladas. Na UE a cifra é absolutamente alarmante: cada ano son vertidos ao mar entre 150 mil e 500 mil toneladas de plástico, afectando seriamente a saúde dos ecosistemas mariños e poñendo en risco a xa máis de 1300 especies mariñas. Sumado a isto, cabe sinalar que as emisións de gases de efecto invernadoiro producidas polo propio ciclo de vida do plástico sumaron xa varias centésimas ao aumento global de temperatura.

A cidadanía e as administracións, de forma conxunta, temos unha tarefa por diante no obxectivo de reducir e eliminar plásticos nos nosos hábitos diarios. Con estratexias fundamentadas na redución e eliminación de produtos e actividades facilmente substituíbles por bens alternativos (e asequibles a todas as economías), poderemos demostrar que é posible vivir sen plástico.

Neste senso é importante priorizar accións encamiñadas á redución de plásticos dun só uso como bolsas para a compra, envoltorios de comestibles ou botellas de auga, que son perfectamente substituíbles por materiais respectuoso co medio, mantendo as mesmas condicións de comodidade e funcionalidade no uso.

Actuar dende as administracións, impulsando medidas que contribúan a mudar os hábitos de consumo da cidadanía e da propia administración, fará do noso país un lugar mellor para vivir, sostible e respectuoso co medio, así como tamén un lugar mellor para visitar e do que sentirnos orgullosas.

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2019 13:46:50
Nº Rexistro: 57886
Data envío: 21/10/2019 13:46:50.131

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Por todo isto, para contribuír dende as administracións á diminución do quecemento global, contra a contaminación sistémica e cos efectos nocivos dun uso irresponsable do plástico, o Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego acorda e insta á Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas:

-Deseñar unha estratexia para eliminar o plástico dun só uso en todas as dependencias administrativas dependentes da Xunta de Galicia, así como das dependencias do Parlamento de Galicia, incluíndo as actividades organizadas por parte ditas administracións.

- Contemplar, entre outras, a eliminación do consumo de auga embotellada (especialmente en plenos e comisións); minimizar a compra de material de oficina envolto en plástico, así como favorecer a reutilización de envases.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputado e vicevoceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO
COMÚN DA
ESQUERDA

**Marcos Cal Ogando na data 21/10/2019 12:45:40**

**Antón Sánchez García na data 21/10/2019 12:45:51**

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2019 12:52:25
Nº Rexistro: 59849
Data envio: 09/12/2019 12:52:25.077

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

# Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda,** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, SOLICITA, atendendo ao acordo da Mesa do Parlamento do 29 de outubro de 2019 (doc . número de rexistro de saída 17646), a seguinte **reformulación** das Proposicións non de lei docs núms. 57886 (10/PNP 004303) e 57884 (10/PNC- 004614), para que sexan admitidas a trámite.

Substituír a totalidade da parte dispositiva das proposicións non de lei por:

Primeiro.- O Parlamento manifesta a súa vontade de acabar co uso que fai de plásticos de un só uso, incluído o consumo de auga embotellada, material de oficina envolto en plástico e favorecer a reutilización de envases.

Segundo.- O Parlamento insta a Xunta de Galicia a iniciar os procedementos oportunos para eliminar o plástico dun só uso nas dependencias da súa competencia, e elaborar e acordar coa FGAMP un protocolo de erradicación do seu uso nas entidades locais galegas.

Santiago de Compostela a 9 de decembro de 2019

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2019 12:52:25
Nº Rexistro: 59849
Data envío: 09/12/2019 12:52:25.077

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 09/12/2019 12:51:14**

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59503
Data envío: 28/11/2019 19:03:39.023

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Óscar Vilar Chento, a través da portavoz adxunta e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A política europea de desenvolvemento rural contribúe a que as zonas rurais da UE poidan facer fronte a multitude de retos económicos, medioambientais e sociais.

Para iso, a UE deseñou unhas axudas financiadas ata o 75 % con fondos Feader, que están sendo fundamentais para as explotacións de montaña, e onde contribúen a compensar aquelas limitacións naturais que diminúen a competitividade das explotacións localizadas nestas zonas.

As anteriores axudas xunto cos pagos das chamadas medidas “Agroambiente e Clima” son fundamentais para remunerar servizos medioambientais da actividade agraria e que benefician ao conxunto da sociedade, beneficios ao ambiente que están fóra do mercado ao non se compensar no prezo dos produtos agrarios.

A día de hoxe, ao PDR 2014-2020 de Galicia quédalle un ano ordinario dos sete de execución do período de programación, téndose investido apenas un 50 % dos fondos europeos do Feader. De feito, no período de transición estiveron as axudas Agroambientais sen convocarse durante varios anos por falta de previsión da Xunta, mentres se devolveron fondos Feader a Bruxelas por falta de execución.

Por iso, é preciso reprogramar a súa aplicación, e deseñar a execución dos fondos no chamado período n+3, ata o ano 2023. Esta reprogramación supón unha oportunidade de reforzar aquelas medidas máis necesarias, que máis protexen a renda das explotacións máis vulnerables, así como asegurar a súa continuidade durante o período n+3.

Non obstante, a Xunta vén de suprimir na súa reprogramación 22,8 millóns de euros asignados á medida *13 Pagos a Zonas con Limitacións Naturais*, e que estaban asignados para ser cobrados polas explotacións de montaña e zonas con limitacións naturais, antes de fin de decembro de 2020, e só garante a continuidade dos pagos de Agroambiente e Clima durante o próximo ano electoral. O que suporá perda de renda neta para estas explotacións nos próximos anos, de non se cambiar a decisión.

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59503
Data envío: 28/11/2019 19:03:39.023

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º. Que proceda á reprogramación do PDR acordado co sector.

2º. Garantir a continuidade dos pagos das medidas "Agroambiente e Clima" a partir do ano 2021, para evitar o baleiro entre períodos de programación, como sucedeu no anterior PDR.

3º. Respectar os importes programados para *a Medida 13*, no período 2014-2020, respectando o nivel de percepción de rendas das explotacións máis vulnerables do rural galego, nomeadamente as de zonas de montaña.

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/11/2019 18:54:49**

**Oscar Vilar Chento na data 28/11/2019 18:55:08**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 28/11/2019 18:55:19**

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 11:32:13
Nº Rexistro: 59598
Data envio: 02/12/2019 11:32:13.726

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á impunidade dos crimes do franquismo e apoio á querela Arxentina.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- Golpe de Estado militar, represión e graves violacións dos dereitos humanos

O levantamento militar de xullo de 1936 contra o goberno lexítimo da República deu paso en Galiza a unha cruenta e brutal represión ao longo dos anos da guerra e durante todo o período da Ditadura franquista. Unha persecución, illamento e eliminación de persoas por razóns políticas que para moitos xuristas e investigadores ten as características dun auténtico xenocidio. A represión foi especialmente violenta nos anos da guerra e materializouse en Galiza no asasinato de máis de 5.000 persoas e noutras múltiples formas de violencia: encarceramentos masivos, torturas, violacións e vexacións.

A represión exerceuse con caracteres especialmente violentos e machistas contra as mulleres, tanto por razóns políticas como de parentesco. Un proceso que hai que inserir nun marco xeral de represión de xénero que converteu a todas as mulleres en vítimas da perda de dereitos e de liberdades que se conquistaran na II República.



CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nos anos da guerra e ao longo de toda a Ditadura franquista, a represión tivo outras múltiples manifestacións: depuración laboral, sancións económicas, espolio de bens, persecución ideolóxica, acoso psicolóxico, exclusión social, etc. A imposición violenta da ideoloxía, da moral, da educación e dos valores franquistas afectou a toda a sociedade e os seus efectos prolongáronse no tempo máis alá de 1975.

As institucións públicas galegas deben ter un posicionamento claro de condena do golpe de Estado do 36, da ditadura franquista e da brutal represión que sufriron miles de galegos e galegas ao longo dese terríbel período histórico. Esta condena debe ir acompañada do compromiso cos valores democráticos e a defensa dos dereitos humanos, nomeadamente o dereito á verdade, á xustiza, á reparación e de garantías de non repetición. E para facer realidade estes propósitos cómpre desenvolver un marco legal que lle dea amparo e impulso ás necesarias políticas públicas de memoria histórica democrática, nomeadamente ás referidas ao exercicio do dereito á xustiza en casos de graves violacións dos dereitos humanos e delitos contra a humanidade, amplamente recoñecido por tratados internacionais ratificados polo Estado español.

2.- Sobre as leis de amnistía e os seus límites

A lei de amnistía aprobada en 1977 non é *strito sensu* unha lei de amnistía: é una lei de punto final xa que, ademais de contradicir toda a xurisprudencia internacional sobre crimes contra a humanidade, impide tamén a investigación xudicial de crimes como as desaparicións forzadas, as torturas ou as execucións extraxudiciais.

Os crimes cometidos polo Estado franquista, condenado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas na Resolución 39 de 12 de decembro de 1946 como fascista, están claramente definidos polo Estatuto do Tribunal de Nuremberg de 8 de agosto de 1945, como crimes contra a humanidade. Fica pois claro que se trata de crimes imprescritíbeis



CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e debe asegurarse a súa persecución universal, polo que non pode aplicárselles a prescrición da acción penal ou da pena mediante o establecemento de leis de amnistía ou similares.

Malia que o Estado español ratificou en xuño de 1977 (3 meses antes da aprobación da Lei de aministía) o Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos, e en 1979 o Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e as Liberdades Fundamentais, a realidade é que se mantén a impunidade e non se fixo nada para investigar e levar a xuízo ás persoas responsábeis dos crimes que se produciron durante a guerra civil e a Ditadura franquista.

Ao longo dos últimos anos, tanto a ONU como o Consello de Europa fixeron advertencias ao Estado español polo mantemento dun patrón de impunidade dos crimes do franquismo, e pola vixencia dunha lei de amnistía que viola a xurisprudencia internacional sobre os crimes contra a humanidade.

-Nas conclusións do Comité contra a Tortura da ONU do 19 de novembro de 2009 figura a esixencia ao goberno de España para que as “desaparicións forzadas non sexan crimes suxeitos a amnistía”. E a Convención Internacional para a Protección de Todas as Persoas contra as Desaparicións Forzadas de 2007, ratificada por España o 24 de setembro de 2009, establece no seu artigo 5º que a práctica xeneralizada e sistemática deste delito constitúe un crime contra a humanidade e, consecuentemente, resulta xuridicamente imprescriptíbel e non amnistiábel.

-En setembro de 2013, o grupo de traballo sobre Desaparicións Forzadas e Involuntarias da ONU emitiu un informe que expresaba preocupación polo desamparo das vítimas do franquismo e instaba ao Estado español a cumprir coa obriga de buscar as persoas desaparecidas durante a guerra civil e a ditadura franquista. O citado grupo



CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

presentou corenta e tres esixencias para reparar o que cualificou como "gravísimas neglixencias" nesta materia e instar ao Estado a adoptar as medidas "lexislativas e xudiciais" para asegurar que as desaparicións forzadas non sexan crimes suxeitos a amnistía, en particular privando de todo efecto a Lei de amnistía de 1977, como xa foi recomendado por diferentes organismos internacionais. Neste mesmo informe, recomendou ás diferentes administracións públicas que asignaran "os recursos de persoal, técnicos e financeiros suficientes".

-En agosto de 2015, o Comité de Dereitos Humanos das Nacións Unidas, nas observacións finais relativas ao sexto informe periódico presentado por España sobre o cumprimento do Pacto Internacional de Dereitos civís e políticos, expresa e reitera a súa preocupación polas dificultades de "investigación das violacións de dereitos humanos do pasado, en particular, os delitos de tortura, desaparicións forzadas e execucións sumarias". Asemade "está preocupado polas lagoas e deficiencias na regulación dos procedementos de busca, exhumación e identificación de persoas desaparecidas, en particular polo feito de que a localización e identificación das persoas desaparecidas se deixan a cargo da iniciativa dos familiares".

Malia este apabullante corpus xurídico, a xustiza española ditou numerosas sentenzas que pecharon a posibilidade de investigar e xulgar os crimes do franquismo, aducindo precisamente que eses supostos crimes estaban amnistiados pola lei de 1977. O 27 de febreiro de 2012 o Tribunal Supremo ditou sentenza na causa aberta contra o xuíz Baltasar Garzón na que estableceu que estes crimes non poden ser investigados.

Este portazo ao exercicio do dereito á xustiza e á tutela xudicial efectiva non foi quen de impedir que se multiplicasen as iniciativas e as demandas a respecto da impunidade dos crimes do franquismo, canalizadas en dúas frontes: o cuestionamento



CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da Lei de amnistía e da súa interpretación como lei de punto final, e a aplicación da xustiza universal e a conseguinte apelación a instancias xurídicas internacionais.

Con respecto á primeira vía, cómpre ter en conta o informe do Relator Especial da ONU para os Dereitos Humanos, Pablo de Greiff, que sinala que en caso de aplicarse a lei de amnistía, esta debería facerse unha vez investigados os feitos e determinadas as penas correspondentes. Polo tanto, a lei de amnistía debe ser aplicada *a posteriori*, unha vez investigados e xulgados os posíbeis crimes, nunca *a priori*.

Precisamente para impedir esta interpretación restritiva da lei, contraria ao dereito internacional, existe unha demanda de reforma do artigo da lei 46/1977 de amnistía, para que as disposicións contidas nesta norma non impidan que xulgados e tribunais investiguen, enxuicen e condenen as persoas responsábeis de delitos contra a humanidade.

3.- A vía da xustiza universal e a Querela Arxentina

Mais esta cerrazón da xustiza e dos poderes públicos do Estado, de blindaxe da impunidade dos crimes do franquismo consagrada na transición, abriu outras portas para as persoas demandantes de xustiza, a través da apelación a instancias xurídicas internacionais e ao principio da xustiza universal, que establece que os tribunais de xustiza poden e deben intervir na investigación de crimes contra a humanidade cometidos en calquera tempo e lugar, na consideración de que estes crimes son imprescritíbeis e inamnistiábeis.

En virtude deste principio, o 14 de abril de 2010 interpúxose en Arxentina unha querela por xenocidio e/ou crimes de lesa humanidade cometidos no Estado español pola Ditadura franquista, admitida a trámite no Xulgado Criminal número 1 de Buenos Aires. Neste proceso xudicial, coñecido como Querela Arxentina, fóronse sumando



CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 11:32:13
Nº Rexistro: 59598
Data envío: 02/12/2019 11:32:13.726

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

numerosas querelas e denuncias, chegando na actualidade a un número aproximado de 500. Ata o momento procedeuse á imputación de máis de vinte persoas acusadas de graves delitos como os de torturas, delitos de homicidio ou delitos de substracción de menores.

O Estado español incumpre sistematicamente a súa obriga de colaborar con este proceso xudicial e continúa denegando a execución de todas as ordes internacionais de detención das persoas imputadas na causa, así como as ordes de extradición. Tamén se nega a colaborar nas comisións rogatorias e exhortos que se libran desde o Xulgado arxentino para que se tome testemuño ás vítimas e familiares delas.

Paradoxalmente, a Audiencia Nacional abriu anteriormente varios procesos xudiciais sobre crimes cometidos polas ditaduras latinoamericanas aplicando precisamente a doutrina da xustiza internacional.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Apoiar a Querela Arxentina e prestar a máxima colaboración ás entidades e persoas de orixe galega na tramitación da causa penal número 4.591/2010 do xulgado criminal e correccional número 1 de Buenos Aires (coñecida como Querela Arxentina), seguida por xenocidio e/ou crimes de lesa humanidade cometidos pola ditadura franquista.



CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 11:32:13
Nº Rexistro: 59598
Data envío: 02/12/2019 11:32:13.726

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Adherirse á Querela Arxentina e en consecuencia persoarse na citada causa penal para que investigue os crimes contra a humanidade cometidos durante a ditadura franquista que afectaron a persoas de orixe galega.

3. Dar traslado desde acordo ao goberno de España e ao Xulgado criminal e correccional número 1 de Buenos Aires (Arxentina).

4. Demandar do Goberno do Estado:

- A tramitación da derrogación da lei 46/1977 de amnistía ou, no seu defecto, a modificación do artigo 9 para que esta lei non impida que os xulgados e tribunais investiguen, xulguen e impoñan as penas correspondentes ás persoas responsábeis de cometer delitos contra a humanidade.

- A colaboración coas autoridades xudiciais arxentinas na tramitación da causa penal número 4.591/2010 do xulgado criminal e correccional número 1 de Buenos Aires, seguida por xenocidio e/ou crimes de lesa humanidade cometidos pola ditadura franquista."

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Montserrat Prado Cores**



CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 11:32:13
Nº Rexistro: 59598
Data envio: 02/12/2019 11:32:13.726

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 02/12/2019 11:13:27**

**María Montserrat Prado Cores na data 02/12/2019 11:13:32**

**Noa Presas Bergantiños na data 02/12/2019 11:13:40**

**Olalla Rodil Fernández na data 02/12/2019 11:13:48**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 02/12/2019 11:13:55**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/12/2019 11:14:03**

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59619
Data envio: 02/12/2019 14:25:03.652

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Sandra Vázquez Domínguez, Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, María Antón Vilasánchez e Cristina Romero Fernández** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A inestabilidade política e a falta de Goberno central non debe deixar sen infraestruturas os galegos e galegas. Internet é considerada hoxe unha infraestrutura fundamental na vida das persoas.

En Galicia, nestes últimos anos conseguiuse que o acceso a internet sexa universal na Comunidade e máis, agora debemos aproveitar os logros conseguidos para situarnos a vangarda europea de redes de nova xeración caracterizada pola elevada velocidade e calidade de servizo.

A Xunta de Galicia a través do II Plan de Banda larga de Galicia  está a contribuir a acadar os obxectivos que fixa Europa repecto a conectividade dos Estados membros. Un compromiso que debe cumplir o Goberno de España, facendo un especial esforzo naqueles territorios con especial dificultade pola súa orografía e o seu perfil sociodemográfico.  A  día de hoxe a Xunta ten en execución todas as líñas de acción previstas no seu Plan financiado con FEADER, no marco dos compromisos complementarios as actuacións do Estado  financiadas con FEDER plurirexional para Galicia, e que debe garantir o cumprimento dos compromisos que fixa Europa.

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510  F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59619
Data envio: 02/12/2019 14:25:03.652

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Mentres as liñas de actuación de despregue de fibras previstas pola Xunta están todas xa adxudicadas en con datas de entrada en funcionamento é preciso axilizar aquelas que dependen da administración xeral do Estado.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se dirixa o Goberno central para que garanta e axilice a execución dos fondos FEDER destinados a acadar o obxectivo de cobertura mínima de 30 Mbps para o 100% dos cidadáns no ano 2020".

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 02/12/2019 14:10:37**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 02/12/2019 14:10:54**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 02/12/2019 14:11:13**

**Marta Novoa Iglesias na data 02/12/2019 14:11:43**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 02/12/2019 14:12:02**

**Moisés Blanco Paradelo na data 02/12/2019 14:12:12**

**Maria Antón Vilasánchez na data 02/12/2019 14:12:33**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 02/12/2019 14:12:48**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto,** a través da súa deputada e deputados, **Davide Rodríguez Estévez, Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira e Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno,** sobre a corta masiva de árbores autóctonas sas as beiras das estradas do país.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Fai algo máis dun mes o Ministerio de Fomento do Goberno de España esta tallando polo pé centos de árbores que están na estrada N-525 entre o punto quilométrico 206 ao 208, este treito da N-525 coincide coa Vía da Prata-Camiño Mozarabe do Camiño de Santiago. Treito entre Santana e Piñeira de Arcos (Concello de Sandiás).

Lévanse contabilizadas as seguintes árbores no treito indicado do Camiño de Santiago: 78 carballos Quercus robur de unha altura media de 15 a 20 metros e con diámetros medios de 15 ata 40 centímetros. 125 bidueiros Betula sp dunha altura media de 15 a 18 metros de altura, con diámetros medios de 15 a 37 centímetros. 24 salgueiros Salix atrocineria dunha altura media de 14 metros, diámetros medios de 18 a 40 centímetros. 3 sabugueiros Sambucus nigra de 8 metros de altura, diámetros medios 30 a 47 centímetros. 1 freixo Fraxinus angustifolia decapitado a carón do Río Piñeira no centro do nucleo urbano de Piñeira de Arcos. 2 piñeiros Pinus pinaster de 30 a 40 centímetros de diámetro e 20 metros de altura.

Estas 230 árbores autóctonas talladas polo pé tiñan unha media de 40 a 45 anos de idade. Compuñan un conxunto arbóreo de alto valor medioambiental,

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

paisaxístico, etnográfico, cultural, estaban integradas na contorna protexían das inclemencias aos peregrinos (sol no verán, cortaventos e elementos atmosféricos nas invernías). Non supuñan ningún risco para a seguridade viaria, ningún risco para os usuarios tanto peregrinos, camiñantes como veciños e veciñas.

Das árbores talladas polo pé aproximadamente 1/4 parte estaban nos noiros da estrada (só nestas árbores podía estar xustificada a intervención con criterios da arboricultura moderna o seu axeitado mantemento).

Lembrar cos Camiños de Santiago teñen normativa propia de protección, Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

*LEI 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.*

*Artigo 78. Usos e actividades prohibidas nos Camiños de Santiago*

*1. Os tramos non urbanos da traza dos Camiños de Santiago non poderán ser utilizados para o tráfico rodado de vehículos de motor, calquera que sexa a súa natureza, agás nos casos en que resulte o único modo de acceso a parcelas e vivendas ou que se trate de vehículos necesarios para o seu mantemento e conservación e dos de extinción de incendios.*

*2. No ámbito de tres metros a ambos os dous lados da traza a partir da súa liña exterior prohíbense os seguintes usos e actividades:*

*a) A corta xeneralizada de arboredo frondoso autóctono. Poderá autorizarse a corta illada de frondosas autóctonas coa obriga, de ser o caso, de compensar a corta coa replantación inmediata de exemplares similares.*

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero este non é un caso illado. Nos últimos meses, tamén por parte da propia Xunta de Galicia se está a proceder nas vías da súa titularidade a un auténtico arboricidio.

Na Parroquia de Herbogo, no Concello de Rois, carballos de máis de 100 anos de idade e en perfecto estado de conservación foron chapodados polo pé sen ningún tipo de análise previo sobre se debía de estar onde sempre estivo ou non. A Baña, Maceda, Sobrado dos Monxes, Trives, A Rúa, Mondoñedo... son centos de concellos os que están a ser arrasados con esta política de chapodar árbores autóctonas centenarias e en perfecto estado de conservación o carón das vías de circulación.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. A inmediata paralización do xeito de proceder nas cortas das árbores xeneralizadas que están a ter lugar en vías da súa titularidade, para evitar no posible máis danos ao patrimonio arbóreo vivo.

2. A reposición inmediata das árbores talladas polo pé tal e como recolle a Lei do patrimonio cultural de Galicia.

3. Poñer os medios para que non se volvan a producir estes feitos ou actuacións que estragan o patrimonio cultural, etnográfico, a paisaxe, a biodiversidade e o propio futuro social e medioambiental do conxunto do país.

4. Instar ao Ministerio de Fomento a:

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a) A inmediata paralización das cortas das árbores no treito do Vía da Prata/Camiño Mozarabe para evitar no posible máis danos ao patrimonio arbóreo vivo deste treito no Camiño de Santiago ao seu paso pola bisbarra da Limia.

b) A reposición inmediata das árbores talladas polo pé tal e como recolle a Lei do patrimonio cultural de Galicia.

c) Poñer os medios para que non se volvan a producir estes feitos ou actuacións que estragan o patrimonio cultural, etnográfico, a paisaxe, a biodiversidade e o propio futuro social e medioambiental do conxunto do país.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira

Deputados, deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59656
Data envio: 02/12/2019 18:33:59.434

**David Rodríguez Estévez na data 02/12/2019 18:23:31**

**Paula Vázquez Verao na data 02/12/2019 18:23:40**

**Francisco Casal Vidal na data 02/12/2019 18:23:49**

**Luis Villares Naveira na data 02/12/2019 18:23:58**

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o ano 2010, 13 empresas do Morrazo (de Moaña, Cangas e Vilaboa) e 582 familias víronse afectadas por impagos da industria naval, con débedas que superan os 5,6 millóns de euros, pola falta de pagamento de facturas e pagarés por traballos realizados para estaleiros da ría de Vigo e doutros.

Esta situación provocou a entrada en concurso, o peche das empresas, o embargo de propiedades e a imposibilidade de poder retomar a actividade empresarial polas débedas acumuladas con diferentes administracións e polos bancos. A realidade que viven estas empresas, as persoas propietarias e as súas familias é dramática: moitas delas perderon as súas casas e outros bens, teñen elevadas débedas pendentes de pagamento e padecen cadros de estrés, ansiedade e outras doenzas como infartos. Nalgúns casos as persoas responsábeis destas empresas morreron e as súas débedas tiveron que ser asumidas pola súa familia.

Estas empresas asociáronse na “Plataforma de afectados polos impagos do naval” e reclaman o apoio da administración para buscar unha solución a este grave problema. Cómpre ter en conta que algunhas destas empresas, que seguiron mantendo a



CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59661
Data envio: 02/12/2019 18:36:37.341

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actividade, teñen sobre si de novo a lousa de impagos como consecuencia do peche de Vulcano e a crise de Barreras.

Malia que o solicitaron xa en 2017 e repetiron a solicitude en varias ocasións, aínda non foron recibidos polo presidente da Xunta. A desesperación deste colectivo diante da falta de atención e de resposta por parte da Xunta de Galiza levouno a chamar a atención dos grupos parlamentares para procurar unha solución á súa grave situación económica e vital.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a

1.Que o conselleiro de Industria reciba unha representación da Plataforma para coñecer de primeira man as súas demandas e buscar conxuntamente solucións

2.Que preste o apoio xurídico e financeiro á plataforma e ás empresas e persoas afectadas polos impagos do naval.”

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**



CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59661
Data envio: 02/12/2019 18:36:37.341

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 02/12/2019 18:20:13**

**Noa Presas Bergantiños na data 02/12/2019 18:20:17**

**Olalla Rodil Fernández na data 02/12/2019 18:20:24**

**María Montserrat Prado Cores na data 02/12/2019 18:20:30**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 02/12/2019 18:20:37**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/12/2019 18:20:45**

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59668
Data envio: 02/12/2019 19:40:29.381

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O cultivo do pemento no sul de Pontevedra sofre serios contratempos debido á virose chamada "tristeza do pemento" transmitida por un trips.

A Tuta, polilla que ataca e fai estragos no tomate, ten moi preocupados ós horticultores de Carballo, Arteixo, Coirós...

A polinización do tomate baixo cuberta efectúase en certas comarcas por medio de abellóns cultivados.

Que a hortifruticultura convencional existe é obvio, outro cantar é afirmar que se contempla a súa existencia desde a Xunta de Galicia e que isto se traduce en axudas, asesoramento e investigación. Porque o trips foi combatido en Andalucía con fortes inversións en instalacións e en investigación e a Administración andaluza puxo en movemento axudas a tal efecto.

Para combate-la Tuta utilízanse variedades inxertadas resistentes que van ben noutras latitudes pero que aquí so van indo. Serían necesarias liñas de investigación



CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59668
Data envío: 02/12/2019 19:40:29.381

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

feitas aquí e para aquí. As instalacións e os técnicos ímolos tendo, a vontade política é dubidosa.

As importacións de abellóns e a procedencia doutras realidades climáticas e o uso de insectos non autóctonos en invernadoiros non climatizados reduce ostensiblemente a súa eficacia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Establecer contactos co sector de hortofurticultura afectados pola Tuta, pola "tristeza do pemento" e deseñar de mutuo acordo estratexias, e liñas de axudas para o combate destas e doutras afeccións.

-Deseñar e financiar nos centros públicos as investigacións necesarias para dar solución a estas e a outras enfermidades da horta.

-Estudar co sector afectado a modificación de leis ou disposicións que atrancan as solucións a algunhas destas doenzas ( altura de invernadoiros, lei do solo...)

-Establecer liñas de axudas para a tecnificcción de invernadoiros e instalacións similares para que poidan combater con maior efectividade estas e outras doenzas."

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2019



CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59668
Data envio: 02/12/2019 19:40:29.381

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 02/12/2019 19:25:54**

**Xosé Luis Bará Torres na data 02/12/2019 19:26:04**

**María Montserrat Prado Cores na data 02/12/2019 19:26:10**

**Noa Presas Bergantiños na data 02/12/2019 19:26:17**

**Olalla Rodil Fernández na data 02/12/2019 19:26:24**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/12/2019 19:26:34**

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2019 17:20:52
Nº Rexistro: 59689
Data envio: 03/12/2019 17:20:52.340

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e deputado-portavoz adxunto, **Concepción Burgo López, Noela Blanco Rodríguez, Carmen Rodríguez Dacosta e Luis Manuel Álvarez Martínez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei en Pleno.**

## Exposición de motivos

As investigacións levadas a cabo nos últimos anos polo grupo de investigación Romanarmy,  que reúne a arqueólogos profesionais das universidades de Santiago, Oviedo, Braga, Edimburgo e o CSIC entre outros,  están aumentado de forma notable o noso coñecemento sobre a conquista do noroeste peninsular por Roma.

No seno das súas investigacións o grupo atopou os restos de numerosos campamentos  romanos temporais no territorio da antiga Gallaecia, ofrecendo unha nova visión sobre a presenza das lexións romanas  e a  súa penetración no noso territorio.

Entre estes campamentos destaca o atopado en Penedo dos Lobos na montaña de Manzaneda que pode ser un dos recintos militares de campaña mellor conservados do noroeste peninsular e dos máis antigos coñecidos. Ten unha extensión de 2,5 Ha e unha capacidade de 1.000 lexionarios. Considérase un campamento de marcha, é dicir, un recinto militar construído durante o avance da columna militar, non estable e ocupado durante moi pouco tempo.

O que converte a Penedo dos Lobos nun espazo arqueolóxico privilexiado é o feito de que conserva as portas orixinais de acceso ao recinto. O outro elemento excepcional é que se trata dun dos poucos campamentos romanos de marcha vinculados á conquista do norte de Hispania que está construído en pedra. Os soldados botaron man do abundante material granítico da zona para construír as defensas. Isto, xunto co illamento da zona e o seu uso unicamente gandeiro, permitiu que o campamento se atope nun estado de conservación único, e que todo o sistema defensivo sexa facilmente apreciable mesmo para público non experto.

Os achados de material militar neste campamento entre os que se atopan chalotas das sandalias romanas e moedas acuñadas por Publio Carisio, legado

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2019 17:20:52
Nº Rexistro: 59689
Data envío: 03/12/2019 17:20:52.340

del primeiro emperador Octavio Augusto, acuñadas entre o 25 e o 22 a.C. durante as guerras Cántabro-Ástures, sitúan a orixe da fortificación neste conflito que permitiu ao Imperio Romano completar a conquista da Península Ibérica.

Por todo isto o xacemento arqueolóxico de Penedo dos Lobos é dunha extraordinaria importancia pero como todos eles é dunha grande fraxilidade porque poden ser alterados facilmente por circunstancias externas. Neste senso xa fai tempo alertouse de que o campamento de Penedo dos Lobos podía ser afectado por un plan de repoboamento forestal que podería danalo de forma irreversible polo que é necesario que a Xunta manteña un forte control para preservalo.

Pero tamén é necesario, dada a súa importancia continuar ca investigación arqueolóxica.

Tanto pola localización como por o seu extraordinario estado de conservación - as estruturas defensivas son aínda visibles-, o sitio pode converterse nun verdadeiro referente turístico e pedagóxico para a zona ademais da súa importancia científica e patrimonial.

Por iso, e para evitar espolios no xacemento, cremos absolutamente necesario realizar novas campañas arqueolóxicas que preserven e poñan en valor o xacemento e aumenten o noso coñecemento, tanto sobre este campamento como sobre a historia da penetración militar romana no noso territorio e as formas de colonización, máxime cando o custo que pode representar é pequeno.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a

1. Apoiar e financiar novas campañas arqueolóxicas no xacemento de Penedo dos Lobos en Manzaneda organizadas polo grupo de investigación Romanarmy que permitan aumentar o noso coñecemento sobre el e tamén preservar a súa integridade.

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2019 17:20:52
Nº Rexistro: 59689
Data envío: 03/12/2019 17:20:52.340

2. Poñer en marcha todas as medidas necesarias para preservar o dito xacemento arqueolóxico.

3. Tomar as medidas de delimitación ou sinalización que impidan que o xacemento poda ser danado por maquinaria forestal ou de outro tipo

Pazo do Parlamento, 03 de decembro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Noela Blanco Rodríguez
Carmen Rodríguez Dacosta
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 03/12/2019 17:04:08**

**Noela Blanco Rodríguez na data 03/12/2019 17:05:22**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/12/2019 17:05:48**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/12/2019 17:07:43**

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2019 18:08:08
Nº Rexistro: 59697
Data envío: 03/12/2019 18:08:08.577

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa das súas deputadas Paula Quinteiro Araújo e Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A redución do persoal nas administracións ten como efecto lóxico o aumento da carga de traballo. Para ordenar ese maior fluxo de traballo creouse, en moitas oficinas, un proceso automatizado co que organizar as quendas das persoas que esperan ser atendidas.

Estes sistemas polo xeral teñen os seguintes pasos:
- Na entrada do edificio administrativo colócase unha máquina, normalmente cunha pantalla táctil, na que se deben introducir unha serie de datos e que entregará un tícket.
- Nese tícket indicaráselle ao solicitante a sala de espera á que debe ir e a pantalla á que debe estar atento.
- Unha vez diante da citada pantalla esperarase a quenda e aparecerá outro código. Este segundo código indicará a mesa onde o solicitante poderá ser atendido.
- Unha vez localizada a mesa onde se atopa o funcionario en cuestión, poderase realizar a consulta.

Pero, o problema é que este sistema fai que as persoas cegas ou xordocegas non teñan accesibilidade a este procedemento.

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Evidentemente, isto conleva, a imposibilidade para unha persoa con discapacidade visual de comunicarse de forma autónoma coa administración pública en calquera organismo que implante este sistema de quendas non accesible. Resulta igual de evidente que se investiu nun sistema de comunicación discriminatorio, cuxo resultado obxectivo foi a creación dunha nova barreira para as persoas cegas e xordocegas no seu contacto coa administración.

Isto é o que ocorre, por exemplo, no SERGAS, nas oficinas do Catastro, na Tesourería da Seguridade Social ou na Oficina Tributaria.

As tecnoloxías usadas desde as administracións públicas deberían ter en conta a diversidade. A axenda 2030 da ONU indica que debemos avanzar de forma sustentable e "sen deixar a ninguén atrás". Un sistema de citas baseado nunha máquina non accesible que entrega un tícket que indica unha sala onde esperar outro código nunha pantalla que indique unha mesa na que ser atendido é unha barreira insalvable para as persoas con discapacidade visual.

É imprescindible poñer solución canto antes a este obstáculo que creou a propia Administración pública coa súa falta de sensibilidade para coas persoas con diversidade.

Polo exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

1. Levar adiante unha campaña informativa para que, todas as persoas que traballan nas oficinas da administración pública dependentes da Xunta de Galicia, nas que se produza unha situación como a que se describe, sexan conscientes das situacións de discriminación que poden darse.
2. Incorporar a todas estas oficinas persoal formado na atención ás e os discapacitados visuais.
3. Estudar a necesidade de reformular o sistema de quendas para ser substituído por un sistema que sexa realmente accesible para toda a cidadanía sen excepcións.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo
Luca Chao Pérez
Vicevoceira e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 03/12/2019 18:04:50**

**Luca Chao Pérez na data 03/12/2019 18:05:01**

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As mulleres, polo feito de selo, usamos determinados produtos de hixiene que constitúen un importante desembolso económico.

Partimos desa desigualdade polo feito de sermos mulleres, polo que é de xustiza social que os produtos de hixiene feminina sexan gravados co tipo súper-reducido do 4%, fronte ao reducido do 10% actual. Nun contexto de non superación da fenda salarial, en que as mulleres, de media, temos ingresos inferiores aos homes durante toda a vida laboral, e máis nas pensións, as mulleres soportamos maior carga económica en relación a produtos de hixiene íntima.

Os produtos relacionados coa menstruación, usámolos as mulleres uns 35-40 anos de media.

Ditos produtos poden chegar a ter uns custes moi elevados ao mes. Só falando dos usados para a menstruación, poden supor 20 euros mensuais, o que para mozas sen emprego ou persoas en risco de exclusión social é un custe moi elevado.

Segundo un estudo de Plan Internacional, unha de cada dez mozas británicas entre os 14 e os 20 anos non pode comprar tampóns e compresas, e a metade perdeu un día de clase a causa da menstruación, datos que confirman unha realidade observada por moitos docentes do país.

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2019 18:21:22
Nº Rexistro: 59700
Data envio: 03/12/2019 18:21:22.801

Asemade, asociacións de solidariedade do Estado español advirten da necesidade de compresas e tampóns por parte de familias con poucos recursos, sendo estes un dos produtos máis demandados.

Comeza a falarse da "pobreza menstrual", para definir este fenómeno, ligado, tamén, a un persistente tabú sobre a menstruación e falta de educación sexual.

Non temos datos certos sobre o alcance da pobreza menstrual no noso País.

En 2018, o goberno escocés estableceu repartos gratuítos de tampóns e compresas ás estudantes de colexios, institutos e universidades. Esta é unha demanda formulada en diversas ocasións polo movemento estudantil galego.

Cómpre tamén avanzar na divulgación das alternativas ecolóxicas destes produtos, como a copa menstrual ou produtos reutilizables, para avanzar na loita contra os residuos e na sustentabilidade ambiental, dado que os produtos desbotables de hixiene íntima son uns dos que máis residuos plásticos provocan.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Promover repartos gratuítos de produtos de hixiene feminina entre as mozas nos centros educativos universitarios e non universitarios.

2. Neste repartos, incluír alternativas ecolóxicas destes produtos e promover o coñecemento da copa menstrual.

3. Promover talleres de educación hixiénico-sanitaria sobre o ciclo menstrual nos centros educativos universitarios e non universitarios.

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4. Trasladar ao IGE que incorpore nas súas enquisas preguntas para coñecer a situación da "pobreza menstrual".

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 03/12/2019 18:19:40**

**Luis Villares Naveira na data 03/12/2019 18:19:52**

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2019 18:22:42
Nº Rexistro: 59702
Data envío: 03/12/2019 18:22:42.833

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa do seu deputado Manuel Lago Peñas e da súa deputada Julia Torregrosa Sañudo, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno,** sobre o cumprimento por parte da Xunta de Galicia das recomendacións recollidas na Memoria Sobre a Situación Económica e Social de Galicia 2018, elaborada polo Consello Económico e Social de Galicia.

Exposición de motivos

A Memoria Sobre a Situación Económica e Social de Galicia 2018, elaborada polo Consello Económico e Social Galicia, pon de manifesto a preocupación dos principais axentes económicos e sociais do noso país sobre a evolución recente da economía galega e os riscos que afronta a no futuro inmediato.

Logo de catro anos de crecemento, o CES constata a desaceleración da economía galega, que xa se empeza a percibir no menor ritmo de crecemento dos principais indicadores económicos no ano 2018. O CES amosa a súa preocupación pola ralentización tanto do ritmo de crecemento da economía galega coma das economías da nosa contorna, estatal e comunitaria, que pode por en perigo a continuidade do crecemento da produción e a mellora das condicións laborais e salariais deterioradas ao longo da crise.

O CES sinala que esa moderación do ritmo de crecemento da economía galega vai acompañada, por primeira vez desde o ano 2006, dunha caída das exportacións que fai que a contribución da demanda externa ao crecemento do PIB fose negativa, nun escenario de tensión comercial entre as grandes potencias

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2019 18:22:42
Nº Rexistro: 59702
Data envio: 03/12/2019 18:22:42.833

mundiais, de rexurdimento de políticas proteccionistas e de incerteza crecente no comercio internacional, que fai que a continuación da senda de crecemento do PIB dependa exclusivamente da demanda interna. Nese contexto, o CES ve con preocupación a notable ralentización do ritmo de crecemento da industria manufactureira galega.

O CES subliña que o dinamismo económico dos últimos catro anos non foi quen de frear a tendencia á redución da poboación activa, nin de corrixir a perda de peso da remuneración dos asalariados no PIB, provocando que, por sexto ano consecutivo, a remuneración de asalariados no ano 2018 en Galicia sexa inferior ao Excedente Bruto de Explotación, en contra do que acontece no resto do Estado.

O CES denuncia que a recuperación do PIB non se está a reflexar na mellora das retribucións dos traballadores na mesma dimensión, nin está a ser suficiente para frear a fonda crise demográfica que atravesa Galicia, moito mais intensa que no resto do Estado.

Non podemos esquecer que a propia Lei 6/1995, de 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia indica que a súa finalidade é a de “facer efectiva a participación dos axentes económicos e sociais na política socio-económica de Galicia”, e que o CES se configura como o “foro permanente de dialogo e deliberación entre os axentes económicos e sociais e a Xunta de Galicia”, dando resposta á “aspiración dos axentes económicos e sociais de que as súas opinións e propostas se atendan, no proceso de adopción de decisións” por parte do Goberno de Galicia.

Por esa razón, as recomendacións do CES merecen unha especial consideración por parte dos Poderes Públicos de Galicia e dos representantes políticos e institucionais da sociedade galega.

Co obxectivo de que a Xunta de Galicia tome en consideración as

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2019 18:22:42
Nº Rexistro: 59702
Data envío: 03/12/2019 18:22:42.833

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

recomendacións vertidas polo CES na súa Memoria sobre a Situación Económica e Social de Galicia 2018, o Grupo Común da Esquerda formula a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias para facer efectivas as recomendacións do CES recollidas na Memoria sobre a Situación Económica e Social de Galicia 2018 e, de xeito específico, ante a desaceleración experimentada pola Economía galega no ano 2018, insta á Xunta de Galicia a adoptar as medidas que sexan precisas para reorientar a economía galega cara un novo modelo de crecemento, acelerando o paso cara unha economía verde, con alto contido tecnolóxico e xeradora de novas fontes de emprego, que permita avanzar na redución da taxa de desemprego, na mellora das condicións de traballo e na corrección da desigualdade crecente.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas
Julia Torregrosa Sañudo
Voceiro e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 03/12/2019 18:20:51**

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2019 18:22:42
Nº Rexistro: 59702
Data envío: 03/12/2019 18:22:42.833

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Julia Torregrosa Sañudo na data 03/12/2019 18:21:04**

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59705
Data envío: 03/12/2019 18:52:44.841

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda,** por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno,** relativa á situación de Bolivia.

Exposición de motivos

O Goberno de Evo Morales supuxo para Bolivia un salto cualitativo no desenvolvemento social e económico. A planificación económica do Goberno permitiu que o PIB crecese no país un 327% en 13 anos e que ese crecemento se adicase en grande medida a paliar a grave desigualdade social que existía en 2005.A pobreza extrema descendeu do 38 ao 17% e os orzamentos sanitarios multiplicáronse o que permitiu, entre outras cousas, a construción de 34 hospitais. A mellora global das condicións de vida reflíctese no ascenso da esperanza de vida que pasou dos 64 aos 71 anos.

Conquistas sociais aparte, un dos maiores avances que se produciu no país foi o Estado de paz e democracia e a integración de todas as etnias indíxenas que conviven no país.

Tras os comicios presidenciais do 20 de Outubro, gañados polo partido que representa Evo Morales, o candidato opositor xunto con voces da OEA e dos EEUU comezaron a alimentar o rumor dunha fraude electoral nunca demostrada e que serviu de base táctica para unha operación de Golpe de Estado no país.

Golpe que se consumou en torno ao 10 de Novembro, momento a partires do cal o ilexítimo goberno golpista comezou a aplicar unha dura represión de corte fascista,

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59705
Data envio: 03/12/2019 18:52:44.841

con queima de vivendas, conflitos na rúa, agresións e asasinatos de civís por parte das forzas armadas e grupos paramilitares.

Desde o noso grupo observamos con preocupación a pasividade dunha parte relevante da Comunidade Internacional perante a quebra da democracia en Bolivia e a aplicación da violencia extrema contra a poboación, sobre todo contra o movemento indíxena e campesiño.

Ante esta situación, **presentamos a seguinte Proposición non de lei:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Condenar o Golpe de Estado en Bolivia, así coma a violencia producida polo Goberno ilexítimo e a represión sobre o pobo boliviano.

2.- Garantir que realmente a cooperación galega se achega ao pobo boliviano.

3.- Dirixirse ao Goberno Central para demandar que se condene o Golpe e a violencia contra a poboación.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59705
Data envío: 03/12/2019 18:52:44.841

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 03/12/2019 18:46:26**

**José Manuel Lago Peñas na data 03/12/2019 18:46:37**

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2019 13:51:56
Nº Rexistro: 59730
Data envío: 04/12/2019 13:51:56.798

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

## Exposición de motivos

Máis de 10 anos de Goberno do presidente Feijóo, Galicia perde oportunidades de avanzar, sen posibilidade de recibir as subvencións da UE e coa imposición de sancións pola súa deficiente depuración. A Comisión Europea xa ten imposto sancións a España e xa ten anunciado novas denuncias ante o Tribunal de Xustiza da UE porque non existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en varias zonas de Galicia; porque falta un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública.

O curioso é que temos un Plan de saneamento 2000-2015, que no seu inicio xa daba por feito que uns 500.000 galegos se terían que contentar con sistemas de saneamento individuais, é dicir, con fosas sépticas. E tamén temos un Plan hidrolóxico da demarcación Galicia-Costa, que estará vixente ata 2027 se as reiteradas sentenzas do TS que veñen anulando os reais decretos de aprobación do dito plan hidrolóxico non o impiden. Mais o certo é que, con estes resultados ao longo dos anos, non hai datos sobre o nivel de cumprimento do Plan de saneamento, non hai datos de balance.

Como moitos outros concellos de Galicia, o de Ponteareas ten importantes deficiencias na rede de saneamento e depuración das augas residuais, pois moitas das súas parroquias non teñen rede de saneamento; unha desas parroquias é a de Ribadetea, que conta con 800 veciñas e veciños. Moitos deles verten a minidepuradoras que non funcionan correctamente e moitos a fosas sépticas, mais moitos ao río Tea.

No mes de setembro de 2018, o Pleno do Concello aprobaba por unanimidade esixirlle ao Goberno galego un proxecto de saneamento integral para a parroquia e o Goberno comprometeuse ao facer. De feito, en setembro de 2019 ese proxecto era licitado, comprometéndose de novo o Goberno a telo en funcionamento no mes de marzo de 2020.

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguintes proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir o bo tratamento das augas residuais urbanas e un sistema axeitado de tratamento en todas as parroquias do concello de Ponteareas,
2. Poñer en funcionamento o comprometido proxecto de saneamento integral para a parroquia de Ribadetea do dito concello no mes de marzo de 2020, rematando así coas importantes deficiencias na rede de saneamento e na depuración das augas residuais da parroquia.

Pazo do Parlamento, 04 de decembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputado Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 04/12/2019 13:45:37**

**María Luisa Pierres López na data 04/12/2019 13:45:48**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/12/2019 13:45:59**

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2019 13:58:47
Nº Rexistro: 59739
Data envio: 04/12/2019 13:58:47.488

GRUPO
COMÚN DA
ESQUERDA

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda,** por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno,** sobre a recuperación dos dereitos laborais do persoal docente.

Exposición de motivos

Mentres o Goberno galego teima na suposta recuperación económica, o certo é que as e os docentes de Galicia ven lonxe esa recuperación. A crise económica supuxo recortes intensos no ensino público, que afectaron tanto ao alumnado que está padecendo unha mingua na calidade, ás familias, que tiveron que afrontar novos copagos, e ao profesorado, que acumulou anos de recortes e conxelacións salariais que os levaron a perder, en oito anos, entre un 25% e un 26% de poder adquisitivo.

Dunha banda sumaron o recorte salarial do goberno Zapatero, e doutra, o recorte no complemento específico das pagas extraordinarias do goberno da Xunta, aplicado dende 2013. Deste xeito, as ensinantes e os ensinantes de Galicia son os únicos de todo o Estado que tampouco cobraron a parte autonómica nas pagas extraordinarias de 2016. Isto supuxo que os docentes galegos perderan desde o ano 2013 unhas cantidades que oscilan entre os 4.663,28 euros para un mestre sen antigüidade e os 8.446,96 euros para unha persoa catedrática con trinta anos de servizo.

O menoscabo de dereitos tamén se produciu no referido á cobertura das baixas laborais. Así, a Lei 12/2014 de Medidas Fiscais e Administrativas, na súa

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Disposición adicional cuarta sobre incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral para o persoal cun réxime especial de Seguridade Social do mutualismo administrativo, estableceu que:

> "(…) percibirán o 50 % das retribucións tanto básicas coma complementarias e a prestación de fillo a cargo, se é o caso, desde o primeiro ao terceiro día da situación de incapacidade temporal, con independencia de que sexa a primeira, segunda ou máis IT dentro do ano natural.

Deste xeito, as retribucións nestes casos redúcense ao quedar calculadas do seguinte modo

- Desde o 1º día ata o 3º aboarase o 50% das retribucións.
- Desde o 4º día ata o 20º aboarase o 75% das retribucións.
- A partir do 21º aboarase o 100% das retribucións

Pero non só falamos de cuestións económicas, as condicións laborais empeoraron en todos os ámbitos. Así, por exemplo, a taxa de interinidade pasou de algo menos do cinco por cento en 2009 ao 13% en 2017. Menos emprego público, peor pagado e de peor calidade.

E, ao mesmo tempo, a orde de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, fixo que a xornada lectiva do profesorado aumentara das 21 horas semanais a 25, un aumento que dificulta moito que o profesorado poida atender ao resto das súas obrigas profesionais e que, necesariamente, incide nunha peor calidade educativa.

A negativa da Consellaría de Educación a abrir unha negociación para a recuperación dos dereitos do profesorado galego á hora de desempeñar o seu traballo, con especial referencia ao demanda de reversión do horario lectivo que

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2019 13:58:47
Nº Rexistro: 59739
Data envio: 04/12/2019 13:58:47.488

o persoal docente galego tiña antes da aplicación das normativas que unilateralmente impuxo a Xunta de Galicia nos anos 2011 e 2012 está levando a todos os sindicatos a mobilizarse.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Recuperar o diálogo cos axentes sociais para trazar un plan de recuperación de todos os dereitos laborais do persoal docente.

- Recuperar os horarios lectivos acadados no curso 2007/2008, isto implica reducir a parte lectiva da xornada semanal (horas de atención directa ao alumnado), pasando de 25 a 21 horas e de 20 a 18 horas en Secundaria

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez
Ánxeles Cuña Bóveda
Vicevoceira e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 04/12/2019 13:27:46**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/12/2019 13:27:58**

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2019 13:58:47
Nº Rexistro: 59739
Data envio: 04/12/2019 13:58:47.488

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59745
Data envio: 04/12/2019 14:27:13.280

Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda,** por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Paula Quinteiro Araújo,** ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o mantemento dos postos de traballo de Extel na Coruña.

Exposición de motivos

Unha vez máis, a precariedade cébase cos sectores xa de por si máis precarizados, como o de telmarketing en Galicia. O aval do Tribunal Constitucional ao despedimento obxectivo por faltar un número determinado de días ao traballo, aínda que sexa por unha enfermidade e de forma xustificada, está deixando sentir xa os seus efectos no noso país.

A empresa Extel, subcontrata de Movistar e pertencente ao grupo Adecco, **tirou desta posibilidade agora lexitimada pola Xustiza para despedir de vez tres persoas na Coruña a pasada semana**. A decisión, que representantes dos traballadores consideran a primeira dunha vaga progresiva, é vista tamén como unha "estratexia" empregada pola compañía para prescindir de persoal "sen necesidade de ERE e maior conflito".

Segundo denuncia a CGT, Extel ve no aval do Constitucional a porta aberta para "adelgazar o cadro de persoal de maneira máis barata, sen necesidade de facer un ERE e con moito menos conflito". Ademais, culpan a Movistar de ser cómplice dunha estratexia "orquestrada" da que esperan un goteo de despedimentos.

A situación é outro golpe máis na precarización do sector do telemárketing. De feito, o caso desta subcontrata xa ten sido obxecto de denuncias e iniciativas no Parlamento galego. Cómpre recordar como o persoal de Extel xa viu no pasado

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

verán como a empresa recortou drasticamente os complementos salariais mentres Movistar subía as tarifas logo de aplicar un ERE hai tres anos.

Non é un caso illado, en Ourense, no pasado mes de novembro, Naturgy decidía deslocalizar o servizo de atención telefónica que tiña en Galicia, afectando novamente un sector, o de telemárketing, que conta cuns 8.000 traballadores e traballadoras no país.

Por todo o exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Desenvolver todas as actuacións de mediación precisas con EXTEL e Movistar para garantir o mantemento dos postos de traballo no centro situado na Coruña, e deixar sen efecto o ERE posto en marcha.

2º) Esixir das compañías de atención telefónica a clientes, e neste caso tamén a Movistar, o mantemento dos servizos ao cliente dende o centro sito na Coruña, evitando a deslocalización dos servizos e garantindo en todos os casos o pleno respecto ao dereito dos cidadáns a expresarse e recibir atención en lingua galega.

3º) Instar ao Goberno do Estado a derrogar as últimas reformas laborais que supoñen unha perda de dereitos para as traballadoras e traballadores.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Paula Quinteiro Araújo

Vicevoceira e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO
COMÚN DA
ESQUERDA

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 04/12/2019 14:22:30**

**Paula Quinteiro Araújo na data 04/12/2019 14:22:43**

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2019 16:59:34
Nº Rexistro: 59750
Data envio: 04/12/2019 16:59:34.261

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Á MESA DO PARLAMENTO**

O Grupo Parlamentar do Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández e do seu deputado Xan Xosé Jove González, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno,** relativa á participación da Xunta na feira Conxemar e a presenza na mesma de empresas que espolian recursos do Sáhara Occidental**.**

O 1 de outubro de 2019 tivo inicio en Vigo a celebración da 41ª Feira de Conxemar. A inauguración participaron o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, o presidente da Xunta, o el alcalde de Vigo, e outras autoridades.

A feira, organizada por esta asociación de empresarios, vén recibindo anualmente subvencións por parte das diferentes administracións, incluída a autonómica. En 2019 a organización demandou compromiso da Xunta para a ampliación das instalacións do Instituto Feiral de Vigo.

Nos últimos anos entre todos os expositores están a ter presenza algunhas empresas de orixe marroquina que obteñen os recursos que comercializan, sobor de todo polbo, en caladoiros que teñen sido recoñecidos polo Tribunal de Xustiza Europeo como caladoiros saharauis. Para máis abundamento, empresas con sede en territorios ocupados por Marrocos, como é a vila de Djala.

Resulta contraditorio, que a mesma Xunta, que mantén axudas para a cooperación no Sáhara Occidental, participe dun silencio que axuda a continuar co espolio de

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

recursos dun pobo reprimido pola ocupación desde fai décadas.

Desde o noso grupo consideramos que o fomento das actividades económicas como Conxemar non impiden a defensa do cumprimento da sentenzas do TEX e observamos con preocupación o desleixo das administracións nesta situación.

Ante esta situación, **presentamos a seguinte proposición non de lei:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a, en base aos principios de solidariedade co pobo saharaui que ten manifestado defender, dirixirse á organización de Conxemar para demandar que se evite a participación de empresas na feira que espolien recursos do Sáhara nos termos que ampara a sentenza do Tribunal Europeo de Xustiza.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2019.

Asdo. Eva Solla Fernández

Xan Xosé Jove González

Deputada e deputado do GP. Grupo Común da Esquerda.

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 04/12/2019 16:48:20**

**Xan Xosé Jove González na data 04/12/2019 16:48:33**

**José Manuel Lago Peñas na data 04/12/2019 16:48:43**

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2019 11:01:59
Nº Rexistro: 59719
Data envío: 04/12/2019 11:01:59.337

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Óscar Vilar Chento, e da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz adxunto e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O luns, 6 de febreiro de 2017 publicábanse non DOG os 31 concellos afectados pola couza guatemalteca (Tecia Solanivora), 13 na provincia da Coruña e 18 na provincia de Lugo.

O martes, 2 de maio de 2017 comezaba a "campaña de recollida de pataca afectada pola couza guatemalteca (Tecia Solanivora)", a cal empezou en dous concellos coruñeses e dous lucenses.

O mércores, 24 de maio de 2017, cando aínda se estaba a recoller pataca afectada, a conselleira do Medio Rural, anunciaba que dá por controlada a praga da couza guatemalteca da pataca nos concellos infestados na provincia da Coruña.

O venres, 20 de outubro de 2017 publicouse no DOG que o concello de Cariño, na provincia da Coruña esta afectado pola couza guatemalteca.

O luns, 26 de marzo de 2018 publicouse no DOG que o concello de Muxia, na provincia da Coruña esta afectado pola couza guatemalteca (Tecia Solanivora).

O sábado, 30 de novembro de 2019, coñecemos pola prensa que as parroquias de Lendo e Caión, no concello da Laracha, e Noicela, no concello de Carballo, na provincia da Coruña esta afectadas pola couza guatemalteca (Tecia Solanivora). Os concellos da Laracha e Carballo forman parte da área de Bergantiños, protexida pola Indicación Xeográfica Protexida Pataca de Galicia.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a que, antes de que remate o mes de marzo de 2020:

1ª. Investigue as causas polas que se expandiu a praga da couza guatemalteca a concellos que non estaban afectados, dando traslado dos resultados desta investigación aos grupos parlamentarios.

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2019 11:01:59
Nº Rexistro: 59719
Data envio: 04/12/2019 11:01:59.337

2ª. Intensifique e mellore os controis da praga da couza guatemalteca.

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/12/2019 10:27:24**

**Oscar Vilar Chento na data 04/12/2019 10:27:47**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/12/2019 10:27:58**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/12/2019 10:28:23**

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2019 11:03:56
Nº Rexistro: 59723
Data envío: 04/12/2019 11:03:56.009

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Óscar Vilar Chento, José Manuel Pérez Seco e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz adxunto e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Xunta de Galicia elaborou "O Plan Director do Camiño de Santiago 2015- 2021" que, segundo expón, suporá unha ferramenta de xestión para a Xunta de Galicia e unha folla de ruta que marcará as directrices para favorecer a conservación e a protección do Camiño na nosa comunidade.

Un plan con cinco liñas estratéxicas, onde a liña estratéxica 3, punto 1, versa sobre o mantemento viario, sinalización e seguridade viaria no Camiño de Santiago. Incidindo este punto, entre outros, nas operacións de conservación integral dos Camiños de Santiago ao seu paso pola nosa comunidade autónoma.

Unhas operacións de mantemento e conservación que teñen por finalidade manter en todo momento os Camiños Xacobeos nun óptimo estado para o paso dos peregrinos, e, tamén, garantir no tempo, a consolidación das melloras xa realizadas en actuacións anteriores.

Tarefas e atencións que visto o estado do pavimento dalgúns tramos do Camiño Francés que discorre, entre outros, polos concellos de Melide, Arzúa, e O Pino, distan moito de alcanzar e cimentar ese pretendido óptimo estado.

Nos tramos anteriormente mencionados é frecuente atoparse na época de outono, inverno e primavera con multitude de fochancas, treitos cheos de lama, dando lugar todo isto a unha multitude de incidencias no firme do Camiño Francés.

Fochancas e bulleiros que na gran maioría das veces se producen, non só pola fata de mantemento, que tamén, senón que pola nula falta de gabias que permita a recollida e canalización das augas pluviais. Provocando, isto último, continuos danos no pavimento derivados dos factores externos como a climatoloxía.

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2019 11:03:56
Nº Rexistro: 59723
Data envio: 04/12/2019 11:03:56.009

Polo tanto, todo apunta a que estamos, unha vez máis, ante unha falta de programacións dos labores, xunto a unha falta de vixilancia e control por parte da Xunta de Galicia. Xa que as incidencias descritas confirman que o fin que se pretende -óptimo estado- non se consegue consolidar e manter no tempo.

Esta falta de planificación, seguimento e control, por parte da Administración autonómica, non só provoca molestias, inseguridade e mala imaxe aos peregrinos, senón que tamén a moitos/as veciños/as galegos/as que teñen as súas vivendas situadas ao pé do Camiño sofren estas deficiencias día a día.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que:

1º. Arranxe, no primeiro trimestre de 2020, o pavimento en todos aqueles tramos do Camiño Francés que o necesiten. Así mesmo, que se realicen en todos os tramos que o precisen as cunetas/gabias para a recollida e canalización das augas pluviais garantindo así que as melloras se consoliden no tempo.

2º. Realice un control e seguimento das operacións de conservación integral dos Camiños de Santiago ao seu paso pola nosa comunidade autónoma.

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Oscar Vilar Chento na data 04/12/2019 10:42:10**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/12/2019 10:42:21**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/12/2019 10:42:39**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/12/2019 10:42:58**

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**, por iniciativa das súas deputadas Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O SET (o Suplemento Europeo ao título), é un documento actualmente imprescindible na vida de calquera estudante de Ensinanzas Artísticas Superiores, dado que abre as portas a que a formación que recibiron en España sexa validada do mesmo xeito que en calquera outro país de Europa.

Desta forma, calquera estudante que tivese acceso a este documento tería máis facilidades á hora de realizar unha beca ERASMUS, realizar as inscricións para calquera Máster ou programa de Bacharelato europeo e, por suposto, para conseguir traballo.

Actualmente, os estudantes están parcheando esta situación recorrendo aos gabinetes de tradución xurada, nos que gastan cifras impensables para conseguir que os documentos que acreditan os seus estudos sexan traducidos de forma oficial e válida en toda a Unión Europea.

O problema principal deste documento é que malia a atoparse dentro da lei, directamente non se está cumprindo, e aínda non foi expedido ningún SET de Ensinanzas Artísticas Superiores dentro de España. Por outra banda, na Universida-


CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59769
Data envio: 04/12/2019 18:53:11.132

de, os seus compañeiros teñen dereito a que o seu título sexa expedido sen ningún custo, xunto ao título oficial de graduado, cando rematan a súa titulación.

Segundo dita o artigo 8 do R.D. 197/2015: *Unha vez superados os estudos conducentes aos títulos superiores de ensinanzas artísticas e os títulos de máster en ensinanzas artísticas, a Administración educativa expedirá o Suplemento Europeo ao Título, de acordo co modelo establecido no Anexo IV deste real decreto. [...] O Suplemento Europeo ao Título se expedirá na lingua cooficial, no seu caso, e ademais en lingua inglesa. A expedición do devandito documento terá carácter gratuíto.*

No R.D. 197/2015 modifícase o anterior R.D. 1614/2009 e R.D. 1850/2009, engadindo o Artigo 8 no cal fálase da expedición do Suplemento Europeo ao Título realizada por parte das Administracións educativas.

Este cambio xurdiu tras unha premisa que o Consello Superior de Ensinos Artísticos suxeriu alá no ano 2010, e así, logo de 5 anos, o Ministerio de Educación Cultura e Deporte decidiu emitir este R.D. 197/2015 no que non só se ofrecía a posibilidade se non que se establecía a obriga de expedir este título.

A diferenza das titulacións universitarias de grao, nas cales as encargadas de expedir os títulos son as universidades, nas Ensinanzas Artísticas Superiores esta tarefa é competencia autonómica. Isto vén derivado da autoxestión da universidades das que nós carecemos, todos os nosos centros están baixo a batuta das Administracións educativas, é dicir, as institucións das Comunidades Autónomas.

CSV: BOPGDSPGopEuC1pcP7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Ao principio, pensamos que parte da non expedición desta parte tan importante do título viría por un erro de coordinación, ou simplemente, que non se decidiu incluír na lei autonómica, creando así unha lagoa legal na que todas as Administracións estarían inmersas para non ser vistos cando se mencionase a palabra SET.

